



# A PRESENCIA FEMININA NA OBRA DRAMÁTICA DE XOHANA TORRES

**Mónica Folgueiras López**  
Universitat de Barcelona

Xohana Torres salientou, como é sabido por todos, como poeta, novelista e dramaturga; pero se cadra esta última faceta parece morar inxustamente entre neboeiros. Precisamente, esta modesta proposta tenta albiscar esa faceta pouco coñecida da autora compostelá ó centrarse na análise das súas dúas, e únicas polo de agora, pezas teatrais, *A outra banda do Íberr* e *Un hotel de primeira sobre o río*<sup>1</sup>.

Temos en mente, sen embargo, que o obxecto deste estudio é “periférico” en tres dimensións. En primeiro lugar, porque somos conscientes da escaseza tanto de produción como de crítica teatral; en segundo lugar, porque a escritora é unha muller e polo tanto, a súa escrita estará condicionada en termos de xénero; e finalmente, porque estamos a traballar cunha literatura periférica, a literatura galega. O que si sabemos de antemán é que a presenza feminina, a muller, é o eixe vertebrador de ambas obras e polo tanto, ese será tamén o noso punto de partida.

Xohana Torres (1931), xunto con M<sup>a</sup> Xosé Queizán, serán dúas pezas claves da máis recente literatura de mulleres, a da última década do século.

A autora compostelá foi unha das primeiras escritoras que cultivou todos os xéneros literarios dun xeito ben acertado, dende o ensaio, o teatro e a literatura infantil e xuvenil ata as súas excelentes aportacións polo que fai á poesía e á narrativa.

Formalmente falando, os xéneros literarios nos que as mulleres iniciaron o seu labor literario foron tradicionalmente a poesía e o xénero epistolar porque como xa ben analizara Virginia Woolf en *A Room of One's Own* (1929), estes xéneros eran considerados “menores” e non supuñan, en principio, ningún perigo inminente para derrubar os pilares do arraigado sistema patriarcal. É ben certo que tamén Xohana Torres estrenou a súa faceta escritora nos eidos poéticos coa publicación de *Do Sulco* no ano 1957, xénero que abandonará deica a década dos 80. Cando o retoma, acada un dos maiores

---

<sup>1</sup> As edicións coas que traballamos foron as seguintes e as páxinas indicadas remiten a elas: *A outra banda do Íberr* (1965) e *Un hotel de primeira sobre o río* (1968).

logros con *Estacións ao mar* (1981) e coa publicación dun poema inédito “Penélope” co gallo dun monográfico que se lle adicou na revista feminista galega *Festa da Palabra Silenciada* (nº4) e que remata co xa emblemático verso -lema “Eu tamén navegar”. Ó revirar a postura tradicional dunha mítica Penélope pasiva, Xohana defende ter voz propia, pasar de obxecto a suxeito, podéndoa considerar a primeira poeta importante despois de Rosalía.

Sen embargo, tras a súa primeira incursión poética, escribiu as súas dúas e, polo de agora únicas, pezas teatrais, publicadas nun breve espacio de tempo. Deste xeito, en 1965 publica a primeira, *A outra banda do Íberr*, que lle valeu o premio Castelao no ano seguinte, en 1966. A trama do drama versa sobre os habitantes de Galandia, que trala invasión do seu país, foxen á terra do exilio.

Tres anos máis tarde, publicaríase *Un hotel de primeira sobre o río* (1968), que trata sobre o tema da expropiación dunhas terras para instalar nelas un gran hotel.

Tamén foi nese mesmo ano cando publicou *Polo mar van as sardiñas* dentro do panorama infantil e xuvenil, sen esquecer *Pericles e a balea* en 1984. Non podemos pasar por alto a tal punto, que a literatura infantil é inxustamente considerada como xénero marxinal e que non por casualidade, a presenza de mulleres escritoras foi, e continúa a ser, relevante non só no panorama literario galego senón tamén noutras literaturas.

A súa contribución á narrativa límitase, mais con total brillantez, á obra *Adiós María* pola que se lle concedeu o premio “Galicia” do Centro Galego de Buenos Aires. A protagonista, filla de emigrantes, ofrécenos a visión, a través do monólogo interior, da sociedade do Vigo dos anos 60, marcada pola emigración e o absentismo do campo, temas tamén presentes nas dúas obras que nos ocupan, pero especialmente en *Un hotel de primeira sobre o río*.

E unha vez feito este percorrido, imos centrarnos no noso ámbito de análise, que é a súa obra dramática. A elección foi debido a escaseza de estudos sobre estas pezas, relegadas a ser case ignoradas pola maioría da crítica, se cadra pola sombra que lle fai o resto da súa produción poética e narrativa, como xa apuntamos anteriormente.

Temos que ter moi presente que debido á deficiente infraestrutura para a representación, entre outras cousas, o teatro é, na literatura galega, o xénero menos cultivado. Malia isto, a situación do teatro comeza a mudar paulatinamente a partir do 1965, data que coincide co ano de publicación da primeira peza teatral da nosa autora compostelá.

O que teñen en común as dúas pezas, ademais dalgúns temas recorrentes, é que ambas están rexidas por un universo feminino e a trama principal está articulada ó redor da figura feminina protagonista.

En *Un hotel de primeira sobre o río* Ruth Soar é o personaxe central, casada con Daniel Sinde e con dous sobriños ó seu cargo, ós que criou coma fillos, Antón –figura aludida– e Inge. Ruth encarnará o protagonismo e actuará como voceiro único dos intereses colectivos, contra uns personaxes anónimos e algúns deles mesmo fóraneos, así denominados: O Alcalde, O Comisionado Municipal, Estranxeiro I e Estranxeiro II.

En canto ó reparto en *A outra banda do Íberr* seis figuras presenciais

coexisten na trama: Malén de Escó; Estífen Berg, o coronel; vello Marj, pai de Estífen; Kurr Lois; Marcos Saunder; e o rapaz de Engrova. Sen embargo, a actuación de todos eles xira ó redor da única figura feminina. Con todo, a presenza doutras figuras aludidas ou ocultas xogan tamén un papel importante con respecto ó conflito: o fillo e os pais de Malén de Escó e mais Ekoar Lois, todos mortos por mor da guerra. Todos estes personaxes ficcionais comparten un desexo colectivo por cruzar o río que separa Galandia, a terra invadida, da terra do exilio. Todos agás un deles, o marido de Malén, o coronel Estífen Berg, acomodado e enriquecido xa na nova terra e que está na banda dos colaboracionistas.

**Estífen:** [...] A parte máis difícil témola pasada xa. Ó fin de contas, hai que ver qué ben vives. Moitos galandeses do eisilio non saben si xantarán mañán. Ademitéronme no Exército, e fun fos pirmeiros en situarme. ¿De qué tés queixa, Malen?... Compréndeo dunha vez (p. 33)

As mortes que viviron en Galandia fixeron do coronel un home pragmático e frío, que abandoa os seus ideais nun intento desesperado por esquecer o pasado e a terra natal, para sobrevivir no novo emprazamento, todo o contrario que a súa muller:

**Estífen:** Xa conocimos mortes dabondo. Fortes correron os sucesos para que eu desexe voltar (...) Hastra acá chegamos e agora somentes a vida impórtame. Querida, non son dos tipos que debecen por un anaco de terra... verdes patrias que non son máis que soños, enfermidades últimas ... pedras ceibadas ás estrelas. (p. 32-33)

A relación entre Malén e Estífen non é demasiado boa dende hai algún tempo. Hai unha certa frialdade entre ambos que se agudizará cando entren en xogo outros dous factores: a reaparición dun vello amor de Malén, Kurr Lois, e o que este simboliza (a infancia, a Galandia de hai anos, a felicidade,...) e mais a descuberta da autoría da morte de Ekoar Lois a mans dos homes de Estífen. E entón, cando tras unha forte discusión, Malén confésalle os seus anceios por voltar á Galandia. E nese punto, Malén ergue a súa voz e deixa de ser unha muller sumisa non só a nivel persoal, senón tamén social porque cuestiona a realidade que están a vivir. Estífen, que é un home que exerce unha presión autoritaria total sobre ela, teme perder o control tamén neses dous planos: como home, sinte os ciumes por perdela como muller e, como militar, sinte que ten unha rebelde na súa propia casa.

**Estífen:** A desexar ferila. Así se fala. Vaia non supoñía que tiña unha heroína legoeira na casa. ¿E cómo pensas alcumarte?... ¿Cloelia?... Sí, necesitaremos un nome de loita. E terei que atopar para ti un bon cabalo. Estífen ríse de vagar, intencioadamente, tratando de domear esta situación que anda a estorbarlle. (p. 37)

O que si podemos constatar é que as figuras masculinas nas obras de Xohana Torres exercen unha influencia negativa ou nula con respecto ás

femininas. Tanto Estífen como Daniel permanecen alleos ós conflitos de Malén e Ruth respectivamente e non presentan ningunha evolución no seu comportamento nin forma de pensar, a diferenza das personaxes femininas.

Por outra parte, o río tamén é un personaxe simbólico omnipresente en *A outra banda do Íberr* —e non é gratuíta a súa referencia explícita no título de ambas obras— marcando oposicións binarias: a terra desexada e anhelada, Galandia, da terra do exilio; o pasado feliz, do presente saudoso e morriñento. Neste senso, Malén, ó igual que Ruth en *Un hotel de primeira sobre o río*, identifícase coa terra natal, sentimento do que carece por completo o marido de Malén e ante o que tamén Daniel permanece impasible.

**Estífen:** Cala xa. Qué estas a engadir máis. ¿Non andarás un pouco trastornada? ... Algúns crédevos as xentes máis prisoeiras do mundo. Todo home é o dono da terra que pisa. Lembrando a Galandia, seremos a lembrar do que non somos. (p. 37)

**Malen:** Hai un recanto do mundo que é o meu. Quero o meu anaco. Quero volver a el. (p. 37)

**Ruth:** É o meu eido, de toda a vida o meu eido. (p. 26)

Sen embargo, hai unha diferenza ben clara entre o que significa ese amor pola terra para cada unha delas, xa que responden a dous estereotipos e dúas realidades ben diferentes. Por unha banda, Malén vive nunha boa posición económica, nunha cidade, e non ten que traballar a terra. Para ela, Galandia é un ideal polo que loitar, un acto de rebeldía e repulsión ante a tiranía do poder establecido, e por extensión do seu marido. Sen embargo, para Ruth constitúe o seu medio principal de vida, ela traballa a terra coas súas propias mans. Así o demostra a presentación en escea de Malén, onde nas didascalias nos indican a súa caracterización nestes termos:

Malén é unha muller duns trinta anos, loira, belida. Axiña repara un nas súas maus, ben fidalgas por certo. Viste de escuro e ten un porte de natural elegancia. (p. 16)

En cambio Ruth autodefínese deste outro xeito:

**Ruth:** Chámome Ruth, traballo a herdanza e non vivo fora destes campos. (p. 31-32)

ou

**Ruth:** Nada de raro. Sempre vivín así e a terra próbame. (p. 53)

E moi relacionado coa terra está o tema do exilio e da emigración. Por unha banda, o exilio, tanto o desterro real e físico, como é o caso de Malén, como o persoal do seu entorno familiar ou social, que é o caso de Ruth, é un motivo recorrente na dramática de Xohana Torres. Como ben analizara

Minia Bongiorno na súa ponencia titulada “Destierros físicos e imaginarios: la identificación con Galicia y la recuperación de la identidad femenina” no anterior Congreso de Estudios Literarios Galegos:

Existen abundantes exemplos de estos discursos de la escritura retrospectiva de principios de la era post-Franco en cualquiera de las autonomías españolas. A mi manera de ver, es de entender que una literatura auto-analítica que hace hincapié en el conflicto entre el pasado y el presente encuentre su voz en recursos como la mitopoesis. Pero si este fenómeno es corriente en la literatura española femenina de la época en general es tanto más lógico en Galicia, típicamente más rural y apartada del centro de España: abundan en nuestra literatura muestras en las cuales la topografía, la tradición, la cultura y los recuerdos de un mundo inalterado han llevado a la mujer «desterrada» (física o temporalmente) a identificarse con su tierra en sus esfuerzos por encontrar voz propia. (Bongiorno 2000:493)

Polo tanto, esa identificación é un intento de simbiose coa terra, un intento por atopar e mesmo recuperar a voz propia ou perdida. E malia parecer algo trivial, esa mesma vinculación coa terra desexada en vida e algo que trascende á morte: a importancia dos nosos mortos nunha cultura como a galega. Precisamente, a importancia deste punto radica como clave para comprender unha parte da resolución do conflito interno de Malén, que se sacrifica no último momento polo seu sogro, o vello Marj, para que sexa éste o que poida fuxir á desexada Galandia, onde poder morrer feliz. Esa mesma preocupación é compartida con Ruth. Así cando esta fala da súa irmá, lamenta que esta morrese fóra de Galicia e non fose enterrada na súa terra natal:

**Ruth:** *¡E nin tan siquiera está enterrada a carón de nós!* (p. 33)

Por outra banda, esta frase de Ruth lévanos a falar brevemente do tema da emigración como xa dixemos anteriormente, presente dun xeito importante en toda a literatura galega pero que ten un papel relevante especialmente en *Un hotel de primeira sobre o río*. Hai unha forte crítica ós movementos migratorios tanto ó exterior (lembrems que nesta época moitos galegos emigraron cara á Suíza, Alemania, ...) pero tamén ó éxodo rural, co consecuente absentismo do campo.

**Ruth:** [...] A culpa foi da miña irmá, un estranxeiro na familia. I el, cando veu pola nena, a espetar arreo que máis alá das nosas areas berraba un gran mar. Tiña unha grata memoria doutros gozos cando por acó andaba. (p. 32)

**Silvia:** Cando teñan tempo, visítennos. Mercamos xa un piso, un quinto na Avinda Nova. [...]

Amistades, cafés, escaparates, sigo a moda, boeno, mil detalles que eu podería contarlle, ¡tantísima novedá! (pp. 52-53)

**Inge:** Dan, as lembranzas non siñifican todo. Eu son unha muller agora, distinta, de moi lonxe. (p. 81)

A emigración leva ó desarraigo da terra. Así a posición de Silvia, muller de Marcos de Amorós —que son os veciños que primeiro venden— e Inge, a sobriña de Ruth, que malia pasar a súa nenez con ela logo marcha ó estranxeiro co seu pai, diverxe por completo da posición de Ruth. Silvia é francesa e non sinte pena por vender as terras senón que, polo contrario, está entusiasmada coa súa marcha cara á cidade. O mesmo pasa con Inge, que vende a súa parte, as leiras da casa, para conseguir cartos cos que facer realidade algo tan trivial como unha viaxe por Europa, pola que fai tempo que debece. Estas dúas figuras contrastan con Ruth e dalgún xeito serven para ensalzala por oposición.

Finalmente, en canto á resolución de ambas obras, gustaríame engadir que moitas son as interpretacións dadas ó respecto. A maioría dos críticos opinan que *A outra banda do Íberr* acaba sustentando unha sociedade tradicional e patriarcal. Cando, por fin Malén ten a ocasión de fuxir a Galandia con Kurr, ela nun último intre decide quedar e ofrecerlle esa oportunidade ó seu sogro. Moitos conciben ese acto como un fracaso para Malén que, derrotada, asume o seu rol de esposa. Sen embargo, ó meu parecer e atendendo o que di realmente o texto, esa negación implica unha decisión propia na que nada teñen que ver nin Kurr nin Estífen. Non é unha derrota nin un fracaso porque ela libremente decide finalmente quedar, esa é a súa opción, sin estar condicionada por nada nin ninguén.

**Kurr:** Convencido de que haberá que levala polas boas.

Dime, Malen, o que ocorre é que andiveche a facer mentes no golpe que iría levar Estífen, é eso, ¿non sí?...

A carexarlle a cabeleira como si de unha nena se tratase

Ah, Malen, queridiña...

**Malen:** A tratar de acadar o tono que poda levala ó remate.

Pois somentes é causa miña, ¿entendes? Non teño falta de contar con nada, nin con bandas, nin con homes. Neste asunto non contades nin Estífen nin ti.

(p. 90)

Ela finalmente asume e comprende, sen perder as súas orixes, que a volta a Galandia no fondo representa o desexo por recuperar o pasado feliz de antes da guerra, cousa que é imposible. Por iso, decide quedar.

**Malen:** Certamente impresionada, aínda con forzas para parecer sarcástica.

¡Qué ridículos sodes os homes coas vosas historias! Eu tiña intención de fuxir. Nalgún sentido, todos pensamos nas fuxidas. Ah, si eu me fora... perdería o meu tempo aló, tempo novo, en comparar o que tiña conseguido e o que imos irremisiblemente perdendo. A cotío estaría a sospirar cara o antergo abandonado. O tempo foi, non é. O mundo todo perde o que máis ama... ¿Qué iría facer eu con tantas comparanzas de tempos, con tanta ditosa saudade? Unha cuota amarga. Acabaría por gastarme. Conózome ben.

*Despóis dunha pequena pausa*

Estóu desengañada. Non vale a pena esta libertade que oferces. Nada de nós volverá a repetirse. (p. 91)

A obra consegue manter o receptor en tensión ata o final, para saber a resolución do dilema, mentres que en *Un hotel de primeira sobre o río* o terceiro e último acto, carece de suspense. Ruth acaba nun estado de loucura ante a imposibilidade de recuperar o seu sobriño/fillo, morto na mar, e a incapacidade de mobilizar o seu pobo.

E xa para rematar dicir, que en ambas obras hai moitas inconcrecións espacio-temporais que nos permitan ubicar a acción nun determinado tempo e lugar, malia que algúns indicios nos leven a postular que se trata da realidade galega de posguerra. Con esa mesma intención está feita a escolla dos nomes dos personaxes dificilmente recoñecibles ou mesmo a opción de mantelos anónimos (o rapaz, o alcalde, o estranxeiro) que o que fai é acrecentar o paso do particular ó universal. Estes temas e situacións traspasan fronteiras e trascenden ós ámbitos locais. Dúas pezas, sin dúbida algunha, especialmente interesantes que darían para falar de moitos aspectos máis; polo de agora deixamos esa porta entreaberta para futuros estudos.

### **Bibliografía citada**

- BLANCO, Carmen. *Historia da literatura galega de muller*. Vigo: Xerais, 1991.
- BONGIORNO GARCÍA, Minia. “Destierros físicos e imaginarios: la identificación con Galicia y la recuperación de la identidad femenina”. *Actas do VI Congreso Internacional de Estudos Galegos. Un século de Estudos Galegos. Galicia fóra de Galicia*. Sada: Galicien-Zentrum der Universität Trier / O Castro, 2000. 491-499.
- *Festa da Palabra Silenciada*, 4 especial Xohana Torres. Vigo: FIGA, 1987.
- *Revista das Letras*, 334 especial Xohana Torres (5/10/2000) [suplemento de O Correo Galego]
- SEGARRA, Marta *et al.* “Introducción”. *Rías de tinta. Literatura de mujeres en francés, gallego e italiano. Antología bilingüe*. Barcelona: Edicions Universitat de Barcelona, 1999. 11-24.
- TORRES, Xohana. *A outra banda do Íberr*. Vigo: Galaxia, 1965.
- *Un hotel de primeira sobre o río*. Vigo: Galaxia, 1968.
- ZAVALA, Iris M. (coord.) *Breve historia feminista de la literatura española (en lengua catalana, gallega y vasca)*, vol. VI. Barcelona: Anthropos, 2000.

Folgueiras López, Mónica. “A presenza feminina na obra dramática de Xohana Torres”. *Actas do VII Congreso Internacional de Estudos Galegos. Mulleres en Galicia. Galicia e os outros pobos da Península. Barcelona 28 ó 31 de maio de 2003*. Ed. de Helena González e M. Xesús Lama. Sada: Edicións do Castro / Asociación Internacional de Estudos Galegos (AIEG) / Filloxía Galega (Universitat de Barcelona), 2007. ISBN: 978-84-8485-266-7. Depósito Legal: C-27912007.